

ANUNCIO COBRAMENTO

No Decreto da Alcaldía 154/2026 de data 06 de maio 2026, aprobouse o padrón fiscal de contribuintes que se relacionan:

- Prezo público pola prestación de servizo de PAI de Cariño no mes de MAIO de 2026.

Prazo de ingreso: O prazo de ingreso en período voluntario será dende o día 7 de maio de 2026 ata o 6 de xullo de 2026 ambos incluídos.

Modalidade de pagamento: O importe das débedas poderá ser satisfeito en entidades bancarias, nas contas restrinxidas de Recadación Municipal, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, nas que lle será entregado ós suxeitos pasivos ou obrigados ó pagamento o correspondente recibo acreditativo do ingreso. Trancorrido o prazo en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, interese de demora e, no seu caso, as custas que se produzan de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Exposición ó público: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do presente Edicto no BOP, a efectos de exame e alegacións, de conformidade co disposto no art. 99,8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr. Alcalde Presidente. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102,3 da lei xeral tributaria, e o artigo 24 do regulamento xeral de recadación.

Recursos: Con carácter postestativo, poderá interpoñer ante o mesmo órgano que ditou esta Resolución, recurso de reposición no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da referida notificación, conforme ó disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2018, do 2 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, advertíndolle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e /ou exercer as acción que procedan ante a xurisdicción competente. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, directamete, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, ou a Sá do Contencioso-Administrativo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día ou da notificación do presente escrito. Infórmase que tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses.

Cariño, 7 de maio de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández